

MATRÍCULA ANTICIPADA E ORDINARIA PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE CONVOCATORIA DE XUÑO DE 2011

A Orde do 24 de marzo de 2011 (DOG do luns, 4 de abril de 2011), pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia, establece no seu articulado que o modelo de actuación e a organización das probas de acceso á universidade no Sistema Universitario de Galicia será competencia da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG).

Sendo necesario realizar unha matrícula, a efectos organizativos esta **Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) RESOLVEU convocar a Matrícula Anticipada e Ordinaria** para a realización dos exercicios correspondentes á Proba de Acceso á Universidade, na **convocatoria de xuño de 2011**, conforme as seguintes:

B A S E S

1.- QUEN SE PODE MATRICULAR, PRAZO DE MATRÍCULA, LUGAR E HORARIO

A) Poderanse matricular **no prazo de Matrícula Anticipada, do 18 ao 31 de maio** as persoas que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Alumnado do SUG que teña aprobado o Bacharelato ou o COU en convocatorias anteriores ao curso actual, pero non teña aprobada a PAU.
- Alumnado que tendo aprobada a PAU no distrito universitario de Galicia, nas convocatorias de cursos anteriores ao actual, desexe mellorar a súa cualificación.
- Alumnado que tendo aprobada a PAU en distritos universitarios de fóra de Galicia, nas convocatorias de cursos anteriores ao actual, desexe mellorar a súa cualificación (*deberá acreditar a súa residencia en Galicia*).
- Alumnado procedente de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou Estados cos que se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpran os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos para acceder ás súas universidades. Poderán matricularse unicamente na fase específica.
- Alumnado que estea en posesión do título de Bacharelato, obtido ao amparo do artigo 41.2. da Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do Sistema Educativo (alumnos de Música e Danza).
- Alumnado de FP do SUG de anos anteriores que estean en posesión do título de TSFP, TS Artes Plásticas e Deseño ou T. Deportivo Superior ou equivalentes e desexen realizar a Fase Específica da Proba.
- Alumnado de FP de distritos universitarios de fóra de Galicia de anos anteriores que estean en posesión do título de TSFP, TS Artes Plásticas e Deseño ou T. Deportivo Superior ou equivalentes e desexen realizar a Fase Específica da Proba (*deberán acreditar a súa residencia en Galicia*).
- Alumnado de FP do SUG que estea en disposición de acadar o título de TSFP, TS Artes Plásticas e Deseño ou T. Deportivo ou equivalentes na convocatoria de xuño de 2011 (Orde do 24 de marzo de 2011, DOG luns 4 de abril de 2011).

Esta matrícula efectuarase a través da aplicación Nerta ou nos **LERD** correspondentes (especificanse no **Anexo I**), que son os Lugares de Entrega e Recollida de Documentación habilitados en cada un dos sete campus de Galicia, en horario de 9,00 a 14,00 horas.

B) Poderanse matricular **no prazo de Matrícula Ordinaria, do 30 ao 31 de maio**, o alumnado do SUG que teña superado o Bacharelato na convocatoria de xuño de 2011.

Os centros presentarán a documentación para a matrícula no LERD e no horario sinalado no Anexo II.

(Previamente efectuarase nos centros de Secundaria correspondentes a prematrícula dos alumnos que tera lugar no prazo do 25 ao 27 de maio).

C) Poderanse matricular **no prazo de Matrícula Extraordinaria, o día 7 de xuño** (das 9.00 ás 14.00 h.) o alumnado do SUG que aprobe o segundo curso de bacharelato despois da resolución emitida pola Dirección Xeral de Centros e Ordenación e Innovación Educativa das reclamacións ás cualificacións do Bacharelato.

2.- DOCUMENTOS PARA REALIZAR A MATRÍCULA

- Comúns para todos os estudantes:

- * Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
- * Resgado acreditativo de ter aboados os prezos públicos de matrícula ou, no seu caso, documentación que acredite a exención destes segundo o estipulado nesta convocatoria de matrícula.
- * Impresos de prematrícula e matrícula na PAU: se deberán cubrir os datos persoais, académicos e de matrícula para a PAU.

(Utilizarase para isto unicamente o impreso oficial que se facilitará nos centros de ensino secundario, nos Lugares de Entrega e Recollida de Documentación (LERD) ou que se xerará a través da aplicación Nerta)

- Específicos para o alumnado de Bacharelato LOXSE e LOE do SUG:

- * Fotocopia do Título de Bacharelato LOXSE/LOE ou, no seu caso, resgado acreditativo de ter efectuado o depósito deste.
- * Certificación expedida polo Centro onde consten as cualificacións dos dous cursos do Bacharelato.

- Específicos para o alumnado de COU do SUG:

- * Certificación das cualificacións do BUP e do COU expedida polo secretario/a do instituto no que se atope o seu expediente (modelo COU-4).
- * Libro de Cualificación Escolar no que conste a avaliación global positiva obtida no Curso de Orientación Universitaria (COU).

O alumnado de Bacharelato LOXSE/LOE presentarse á PAU polo mesmo centro no que cursase o segundo curso do Bacharelato, agás os/as que teñan solicitado presentarse polo centro máis próximo ao seu lugar de residencia.

O alumnado de COU presentarse á PAU polo mesmo centro no que cursase o COU (sempre que o centro estea a impartir estudos de Bacharelato), agás os/as que teñan solicitado presentarse polo centro máis próximo ao seu lugar de residencia.

Todas as fotocopias estarán compulsadas, ou deberase exhibir o orixinal destas no momento de presentación da matrícula. Este último requisito é obrigado cando se trate de fotocopias do Libro de Cualificación Escolar.

- Alumnado do SUG coa PAU aprobada en cursos anteriores e que desexe mellorar a cualificación acadada anteriormente:

- * Libro de Cualificación Escolar e fotocopia da Tarxeta de Cualificación da PAU.

- Alumnado de distritos universitarios de fóra de Galicia que teña a PAU aprobada en cursos anteriores e desexe mellorar a cualificación acadada anteriormente:

- * Libro de Cualificación Escolar e fotocopia da Tarxeta de Cualificación da PAU.
- * Acreditación da súa residencia actual en Galicia.
- * Resolución da Inspección da Consellería de adscrición ao centro polo que concorrerá á proba.

- Alumnado procedente de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou Estados con acordos internacionais

- * Credencial expedida pola UNED na que conste que o alumnado cumpre os requisitos de acceso á universidade no sistema educativo de orixe
- * Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de Bacharelato deste Comunidade Autónoma.

- Alumnado de Música ou Danza:

- * Resolución da Inspección de Bacharelato de adscrición ao centro polo que concorrerá ás probas.
- * Certificación de estar en posesión do Título de Bacharelato.
- * Certificación das cualificacións obtidas nos seus estudos do 3º Ciclo de Música ou Danza.

A nota media do expediente do alumnado de Música ou Danza calcularase de acordo co disposto na Disposición Adicional Segunda da Orde do 1 de marzo de 1995 pola que se regula a avaliación e a cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan o Bacharelato establecido na Lei Orgánica 1/1990. A nota global do Bacharelato será o resultado da media aritmética das materias comúns e resto de materias cursadas do bacharelato, unida á media aritmética do conxunto das ensinanzas do terceiro ciclo de música e danza (5º e 6º curso do Grado Medio de Música e Danza).

- Alumnado de FP do SUG de anos anteriores que estean en posesión do título de TSFP, TS Artes Plásticas e Deseño ou T. Deportivo Superior ou equivalentes:

- * Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, segundo o modelo oficial que se facilitará pola CiUG aos centros.
- * Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.

- Alumnado de FP de distritos universitarios de fóra de Galicia de anos anteriores que estean en posesión do título de TSFP, TS Artes Plásticas e Deseño ou T. Deportivo Superior ou equivalentes:

- * Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, para os estudantes de Ciclos Formativos de Grao Superior na certificación deberán constar as cualificacións obtidas nos Módulos.
- * Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.
- * Acreditación de residir en Galicia.

- Alumnado de FP do SUG que estea en disposición de acadar o título de TSFP, TS Artes Plásticas e Deseño ou T. Deportivo Superior ou equivalentes na convocatoria de xuño de 2011:

- * Certificación académica oficial expedida polo centro na que conste a superación de todos os módulos que componen o ciclo formativo de que se trate, a excepción: a) para os TSFP do de Formación en Centros de Traballo e, no seu caso, do módulo do proxecto; b) para os TS Artes Plásticas e Deseño o de formación práctica en empresas, estudo e talleres e o módulo de proxecto integrado; c) para os T. Deportivo Superior os módulos de formación práctica e de proxecto final, (segundo a Orde do 24 de marzo de 2011, DOG luns 4 de abril de 2011).

- Alumnado do **SUG** que teña superado o **Bacharelato** na convocatoria de **xuño de 2011**:

- * Fotocopia do Título de Bacharelato ou, no seu caso, resguardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste. De cara a axilizar o proceso, estes resgardos individualizados pódense substituír por unha certificación do centro na que conste que todos os alumnos/as teñen feito o depósito do título do Bacharelato.

Os/as **representantes dos centros** acompañarán a matrícula dunha **listaxe de alumnos matriculados na PAU** con indicación do **DNI, apelidos e nome, materia de modalidade elixida na fase xeral, lingua estranxeira, modalidade de texto elixido (filosófico ou histórico), exención de Lingua Galega (se é o caso) e importe das taxas aboadas.**

3.- REQUISITOS QUE DEBE REUNIR A DOCUMENTACIÓN

- **PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN:** de conformidade co disposto no *artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*, os **documentos que se dirixan a esta Comisión**, ademais de nos LERDs indicados no **Anexo I**, poderán presentarse nalgún dos seguintes rexistros:

- a) Nos Rexistros xerais das tres universidades do **SUG** ou nos rexistros auxiliares.
- b) Nos Rexistros oficiais da Administración Xeral do Estado ou das Comunidades Autónomas.
- c) Nos Rexistros de entidades que integran a Administración Local, sempre que se asinase o oportuno convenio.
- d) Nas Oficinas de correos de España, na forma que regulamentariamente está establecida.
- e) Nas Representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

- **COMPULSAS OU COTEXO DE DOCUMENTOS EXPEDIDOS EN ESPAÑA:** só serán válidas as compulsas que realicen os seguintes órganos ou unidades administrativas:

- a) **Rexistros relacionados no apartado anterior.**
- b) Unidade administrativa onde se tramita o expediente.
- c) Organismo español que expediu o documento.
- d) Notarios españois.
- e) **Representación diplomática española, no caso de que se presente no estranxeiro.**

Non se admitirá ningún documento compulsado ou cotexado por órganos ou unidades administrativas distintas ás citadas neste apartado. Neste caso, requirirase a presentación do orixinal para a súa comprobación pola unidade administrativa que ten encomendada a súa tramitación. Tamén se requirirá a presentación do orixinal cando nas copias compulsadas non se identifique claramente o organismo que expide a compulsas ou o cargo, nome e apelidos de quen as asina.

4.- PREZOS PÚBLICOS

De conformidade co disposto no *Decreto 358/2009, do 9 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2009-2010* (DOG nº 142 do mércores, 22 de xullo de 2009), o **importe do prezo de matrícula** para estas probas é de **63,67 euros**.

- Exencións:

Os membros de familia numerosa aboarán os seguintes prezos:

- Familia numerosa - Categoría Xeral **31,84 euros**
- Familia numerosa - Categoría Especial **Gratuíta**

Os beneficiarios/as de Familia Numerosa deberán achegar, no momento da matrícula, xunto co xustificante bancario, fotocopia compulsada do carné de Familia Numerosa.

Persoal docente e de administración e servizos, así como o seu cónxuxe e fillos, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e das tres Universidades de Galicia: **Gratuíta**.

A gratuidade deberá acreditarse mediante certificación dos respectivos Servizos de Persoal e, no caso de cónxuxe e fillos, ademais, por medio da fotocopia do Libro de Familia.

O aboamento de prezos deberá facerse no impreso a tales efectos establecido.

5.- PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DE MATRICULADOS

O **alumnado** deberá revisar os datos contidos nas listaxes de matriculados que se farán públicos nos centros de ensino secundario o día 1 de xuño a partir das 9,00 horas, podendo interpor reclamación aos mesmos ese mesmo día 1 en horario de 9.00 a 14.00 no seu centro.

6.- EXAMES. GRUPOS DE ALUMNOS E CENTROS NOS QUE SE INTEGRAN

O alumnado matriculado nestas probas convócase para realizar os correspondentes exercicios formando grupos, integrado cada un deles por centros de ensino secundario e distribuídos por Comisións Delegadas segundo se indica no **Anexo III**.

7.- CALENDARIO E HORARIO DOS EXAMES

- . **Calendario:** os exames terán lugar os **días 8, 9 e 10 de xuño**.
- . **Horario:** o horario dos exames especificase no **ANEXO IV**.

8.- PRESENTACIÓN DOS ALUMNOS/AS AOS EXAMES

Todos os alumnos/as deberán acudir á presentación o primeiro día as 9.00 h. da mañá e logo presentarse á realización dos exercicios á hora convocada para o comezo **de cada un deles**, e deberán concorrer provistos do DNI ou pasaporte, pluma ou bolígrafo, e de material axeitado para realizar as probas correspondentes ás materias de Debuxo e ás específicas da modalidade de Artes do Bacharelato, así como dicionarios de Latín e Grego para a realización dos exames.

9.- PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DOS EXAMES

Unha vez rematadas as probas, as cualificacións obtidas polo alumnado faranse públicas na Internet o día **17 de xuño**, a partir das 20,00 horas.

Os centros de ensino secundario poderán *consultar e imprimir* unha **copia da acta de cualificacións da PAU** correspondente ao seu centro directamente a través da aplicación informática NERTA.

O día **24 de xuño** faranse públicas as cualificacións despois da resolución das solicitudes de segunda corrección e das solicitudes de reclamación (a partir das 13,00 horas).

As cualificacións definitivas despois das reclamacións ao resultado da segunda corrección faranse públicas o día **30 de xuño** (a partir das 14,00 horas).

10.- ENTREGA DAS TARXETAS DE CUALIFICACIÓN E DOS LIBROS DE CUALIFICACIÓN ESCOLAR

O día **22 de xuño**, os LERDs enviarán por correo aos centros de ensino secundario as *Tarxetas de Cualificación da PAU*.

Posteriormente, o día **28 de xuño**, os LERDs remitirán aos centros de ensino secundario as *Tarxetas de Cualificación da PAU con modificación de nota despois do primeiro prazo de revisión das cualificacións*.

Finalmente, o día **4 de xullo**, os LERD remitirán aos centros de ensino secundario as *Tarxetas de Cualificación da PAU con modificación de nota despois da segunda revisión das cualificacións*.

11.- REVISIÓN DAS CUALIFICACIÓNS

- **SOLICITUDES DE RECLAMACIÓN E SEGUNDA CORRECCIÓN (primeiro prazo):** unha vez publicadas as cualificacións das probas, o alumnado, cando considere incorrecta a aplicación dos criterios xerais e específicos de corrección, poderá presentar no prazo de tres días hábiles contados a partir da data de publicación das cualificacións, **solicitude de segunda corrección** a unhas materias e **solicitude de reclamación** a outras materias distintas. O alumnado **non poderá presentar simultaneamente** solicitude de dobre corrección e solicitude de reclamación **sobre unha mesma materia**.

O **prazo de presentación das solicitudes de segunda corrección/reclamación**, perante o presidente do Tribunal Único, será de tres días hábiles, contados a partir da data de publicación das cualificacións (**do 20 ao 22 de xuño**).

Os exercicios sobre os que se presente a solicitude de reclamación serán revisados por un profesor ou profesora especialista distinto ao que realizou a primeira corrección, co obxecto de verificar que todas as cuestións foran avaliadas cunha correcta aplicación dos criterios xerais de avaliación e específicos de corrección, así como a comprobación de que non existan erros materiais no proceso de cálculo da cualificación final. A cualificación definitiva da materia será a que resulte desta revisión, sempre que sexa superior á outorgada despois da primeira corrección, agás nos casos de erros de suma no que a cualificación será a que resulte correcta.

Os exercicios sobre os que se solicitase a dobre corrección serán corrixidos por un profesor/a especialista distinto ao que realizou a primeira corrección. A cualificación resultará da media aritmética de ambas as correccións, agás nos casos de erros de suma, en que a cualificación será a que resulte correcta e non a media aritmética.

No suposto de que existise unha diferenza de dous ou máis puntos entre ambas as cualificacións, un tribunal distinto efectuará unha terceira corrección. A cualificación final será a media aritmética das tres cualificacións.

Este procedemento efectuarase no prazo máximo de cinco días hábiles, contados a partir da data de finalización do prazo establecido anteriormente.

- **SOLICITUDES DE RECLAMACIÓN Á SEGUNDA CORRECCIÓN (segundo prazo):** No prazo de tres días hábiles contados a partir da data de publicación da resolución da segunda corrección (**do 27 ao 29 de xuño**), o alumnado que non estea conforme coa cualificación poderá presentar, ante a Comisión Organizadora, **solicitude de reclamación sobre materias nas que previamente solicitase segunda corrección**. A cualificación será a que resulte desta revisión, sempre que sexa superior á outorgada despois da dobre corrección, agás nos casos de erros de suma, en que a cualificación será a que resulte correcta.

As **solicitudes de segunda corrección** e de **reclamación** poderanse facer a través da **aplicación informática Nerta**, empregando o **código de acceso** que aparece no resguardo da matrícula para a PAU, ou nos **Lugares de Entrega e Recollida de Documentación (LERD)**, solicitando e empregando os **impresos específicos**. No caso de presentar as solicitudes na Internet, o alumnado deberá imprimir copia da súa solicitude en calidade de resguardo e xustificación de presentación da mesma.

Contra a resolución adoptada pola Comisión Organizadora, que porá fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante a propia Comisión. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición.

12.- COMISIÓN ESPECIAL PARA ALUMNOS CON MINUSVALÍA QUE O SOLICITEN

Habilitarase unha Comisión Delegada no centro “CPR Santiago Apóstol - ONCE” (Pontevedra), onde o alumnado que expresamente o solicite e o acredite convenientemente terá a posibilidade de dispoñer das adecuacións de tempo e medios que permitan ao alumno/a con minusvalía facer as probas en igualdade de condicións que o resto do alumnado.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2011

Vicepresidente da **CiUG**

Jaime Romero López-Grado

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.-
EXCMOS. E MAGFCOS. SRES. REITORES DAS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO E VIGO.-
ILMO. SR. SECRETARIO XERAL DE UNIVERSIDADES.-
SRES/AS. ENCARGADOS/AS. DOS LERDs.-
SR. RESPONSABLE DO SASUGA.-
SRES/AS. DIRECTORES/AS. DE CENTROS DE BACHARELATO LOE.-

ANEXO I - LERDs

LUGARES DE ENVÍO E RECOLLIDA DE DOCUMENTACIÓN

Universidade de Santiago de Compostela

LERD 1 CAMPUS DE SANTIAGO

Servizo de Xestión Académica
Pavillón Estudiantil, 2º piso - Campus Universitario Sur
15782 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Telf.: 881 81 20 00 / 81 10 00

Fax: 881 81 48 55

sxa@usc.es

LERD 2 CAMPUS DE LUGO

Edificio Biblioteca Intercentros, planta baixa
Campus Universitario
27002 – LUGO

Telf.: 881 81 20 00 / 81 10 00

Fax: 881 81 48 55

sxa@usc.es

Universidade da Coruña

LERD 3 CAMPUS DE ELVIÑA - A CORUÑA

Pavillón de Estudantes
Campus de Elviña
15192 - A CORUÑA

Telf.: 981 16 71 96

Fax: 981 16 71 98

lerdcoruna@udc.es

LERD 4 CAMPUS DE FERROL

Campus de Esteiro
Edificio de Usos Administrativos, planta baixa
15403 – FERROL

Telf.: 981 33 74 51

Fax: 981 33 74 56

lerdfer@udc.es

Universidade de Vigo

LERD 5 CAMPUS DE VIGO

SIOPE
Edificio Miralles
Campus Universitario – Lagoas Marcosende
36310 – VIGO

Telf.: 986 81 36 30

Fax: 986 81 37 55

siope@uvigo.es

LERD 6 CAMPUS DE OURENSE

Unidade Administrativa - Área de Servizos á Comunidade
Campus As Lagoas
32004- OURENSE

Telf.: 988 38 71 02

Fax: 988 38 71 65

siope-ou@uvigo.es

LERD 7 CAMPUS DE PONTEVEDRA

E.U. de Enxeñaría Técnica Forestal
Área de Servizos á Comunidade
Campus A Xunqueira
36005- PONTEVEDRA

Telf.: 986 80 19 49

Fax: 986 80 20 60

siope-po@uvigo.es

ANEXO II – HORARIO DE MATRÍCULA

LERD 1 CAMPUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

<u>HORA</u>	<u>C.C.</u>	<u>CENTRO</u>	<u>LOCALIDADE</u>	<u>DÍA</u>
09.00-9.30	191 522 533 543	IES AS FONTIÑAS CPR ALCA CPR JUNIOR'S CPR SANTA APOLONIA	SANTIAGO AMES SILVOUTA – ROXOS SANTIAGO	30 MAIO
09.30-10.00	126 129 137 416	IES Nº 1 DE ORDES IES PRAIA BARRAÑA IES DE ARZÚA IES MANUEL GARCÍA BARROS	ORDES BOIRO ARZÚA A ESTRADA	30 MAIO
10.00-10.30	116 150 175 189 411	IES VIRXE DO MAR XULIÁN MAGARIÑOS IES DE CACHEIRAS IES MACÍAS O NAMORADO IES RAMÓN MARÍA ALLER ULLOA	NOIA NEGREIRA TEO PADRÓN LALÍN	30 MAIO
10.30-11.00	117 177 518 520	IES DA POBRA DO CARAMIÑAL IES DE AMES CPR LA SALLE CPR SAN PELAYO	POBRA DO CARAMIÑAL AMES SANTIAGO SANTIAGO	30 MAIO
11.00-11.30	110 111 160	IES DE MELIDE IES CAMILO JOSÉ CELA IES DE SAR	MELIDE PADRÓN SANTIAGO	30 MAIO
11.30-12.00	112 123 144 164	IES Nº 1 DE RIBEIRA IES EDUARDO PONDAL IES FÉLIX MURIEL IES CAMPO DE SAN ALBERTO	RIBEIRA SANTIAGO RIANXO NOIA	30 MAIO
12.00-12.30	166 170 521 523	IES ESPÍÑEIRA IES COROSO CPR SEMINARIO MENOR DA ASUNCIÓN CPR GALAXIA	BOIRO RIBEIRA SANTIAGO RIBEIRA	30 MAIO
12.30-13.00	130 135 172 176	IES FONTEXERÍA IES ARCEBISPO XELMÍREZ II IES LELIADOURA IES PORTO DO SON	MUROS SANTIAGO RIBEIRA PORTO DO SON	30 MAIO
13.00-13.30	140 148 149 154	IES ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS IES PONTEPEDRIÑA IES TERRA DE XALLAS IES TERRA DE SONEIRA	SANTIAGO SANTIAGO SANTA COMBA VIMIANZO	30 MAIO
13.30-14.00	113 476 810	IES ARCEBISPO XELMÍREZ I IES DE VALGA CPR MARÍA INMACULADA	SANTIAGO VALGA SILLEDA	30 MAIO
<u>HORA</u>	<u>C.C.</u>	<u>CENTRO</u>	<u>LOCALIDADE</u>	<u>DÍA</u>
09.00-09.30	193 199 464 541	IES LAMAS DE ABADE IES BRIÓN IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ CPR COMPAÑÍA DE MARÍA	SANTIAGO BRIÓN A ESTRADA SANTIAGO	31 MAIO

09.30-10.00	465	IES LAXEIRO	LALÍN	31 MAIO
	471	IES PINTOR COLMEIRO	SILLEDA	
	475	IES MARCO DO CABBALLÓN	VILA DE CRUCES	
10.00-10.30	114	IES ROSALÍA DE CASTRO	SANTIAGO	31 MAIO
	519	CPR MANUEL PELETEIRO	SANTIAGO	

LERD 2 CAMPUS DE LUGO

<u>HORA</u>	<u>C.C.</u>	<u>CENTRO</u>	<u>LOCALIDADE</u>	<u>DÍA</u>
09.00-10.00	201	IES LUCUS AUGUSTI	LUGO	30 MAIO
10.00-11.00	203	IES XOÁN MONTES	LUGO	30 MAIO
	204	IES RÍO CABE	MONFORTE DE LEMOS	
	205	IES LAMA DAS QUENDAS	CHANTADA	
	206	IES DIONISIO GAMALLO FIERROS	RIBADEO	
11.00-12.00	207	IES SANTIAGO BASANTA SILVA	VILALBA	30 MAIO
	208	IES VILAR PONTE	VIVEIRO	
	209	IES SAN ROSENDO	MONDOÑEDO	
	241	IES RÍO MIÑO	RÁBADE	
12.00-13.00	210	IES XOGRAR AFONSO GÓMEZ	SARRIA	30 MAIO
	211	IES DE FOZ	FOZ	
	212	IES MONTE CASTELO	BURELA	
13.00-14.00	202	IES Nº SRA. DOS OLLOS GRANDES	LUGO	30 MAIO
	214	IES DE BECERREÁ	BECCERREÁ	

<u>HORA</u>	<u>C.C.</u>	<u>CENTRO</u>	<u>LOCALIDADE</u>	<u>DÍA</u>
09.00-10.00	213	IES ÁNCEL FOLE	LUGO	31 MAIO
	215	IES FONTEM ALBEI	A FONSGRADA	
	217	IES PEDREGAL DE IRIMIA	MEIRA	
	218	IES POETA DÍAZ CASTRO	GUITIRIZ	
	219	IES DE QUIROGA	QUIROGA	
10.00-11.00	220	IES DE MONTERROSO	MONTERROSO	31 MAIO
	223	IES SANXILLO	LUGO	
	224	IES DE PALAS DE REI	PALAS DE REI	
	225	IES DA TERRA CHÁ JOSÉ TRAPERRO PARDO	CASTRO DE REI	
	227	IES FRANCISCO DAVIÑA REY	MONFORTE DE LEMOS	
11.00-12.00	226	IES POLITÉCNICO DE LUGO	LUGO	31 MAIO
	228	IES PORTA DA AUGA	RIBADEO	
	229	IES MARQUÉS DE SARGADELOS	SAN CIBRAO-CERVO	
	230	IES PERDOURO	BURELA	
	231	IES MARÍA SARMIENTO	VIVEIRO	
	239	IES LOIS PEÑA NOVO	VILALBA	
12.00-13.00	232	IES ENRIQUE MURUAIS	A PONTENOVA	31 MAIO
	233	IES VAL DO ASMA	CHANTADA	
	234	IES MURALLA ROMANA	LUGO	
	235	IES AS MERCEDES	LUGO	
	236	IES LEIRAS PULPEIRO	LUGO	
	237	IES A PINGUELA	MONFORTE DE LEMOS	
	238	IES GREGORIO FERNÁNDEZ	SARRIA	
13.00-14.00	601	CPR SAN JOSÉ	LUGO	31 MAIO
	603	CPR FINGOI	LUGO	
	604	CPR GALÉN	LUGO	
	240	EPAPU ALBEIROS	LUGO	

LERD 3 CAMPUS DE ELVIÑA – A CORUÑA

<u>HORA</u>	<u>C.C.</u>	<u>CENTRO</u>	<u>LOCALIDADE</u>	<u>DÍA</u>
09.00-09.30	101	IES SALVADOR DE MADARIAGA	A CORUÑA	30 MAIO
	198	IES MIRAFLORES	OLEIROS	
	102	IES EUSEBIO DA GUARDA	A CORUÑA	
	103	IES AGRA DO ORZÁN	A CORUÑA	
09.30-10.00	104	IES MONELOS	A CORUÑA	30 MAIO
	163	IES MAXIMINO ROMERO DE LEMA	BAIO-ZAS	
	128	IES MANUEL MURGUÍA	ARTEIXO	
	105	IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL	A CORUÑA	
10.00-10.30	115	IES FRANCISCO AGUIAR	BETANZOS	30 MAIO
	165	IES MARÍA CASARES	OLEIROS	
	106	IES ALFREDO BRAÑAS	CARBALLO	
	107	IES AGRA DE RAÍCES	CEE	
10.30-11.00	153	IES DE CURTIS	CURTIS	30 MAIO
	168	IES FERNANDO WIRTZ SUÁREZ	A CORUÑA	
	118	IES MONTE DAS MOAS	A CORUÑA	
	119	IES ELVIÑA	A CORUÑA	
11.00-11.30	124	IES CRUCEIRO BALEARES	CULLEREDO	30 MAIO
	173	IES ISIDRO PARGA PONDAL	CARBALLO	
	183	IES MONTE NEME	CARBALLO	
	155	IES DE PONTECESO	PONTECESO	
11.30-12.00	162	IES DAVID BUJÁN	CAMBRE	30 MAIO
	167	IES FERNANDO BLANCO	CEE	
	181	IES AS MARIÑAS	BETANZOS	
	182	IES ALFONSO X O SABIO	CAMBRE	
12.00-12.30	132	IES A SARDIÑEIRA	A CORUÑA	30 MAIO
	143	IES XOSÉ NEIRA VILAS	PERILLO-OLEIROS	
	151	IES ISAAC DÍAZ PARDO	SADA	
12.30-13.00	141	IES RAFAEL DIESTE	A CORUÑA	30 MAIO
	146	IES ADORMIDERAS	A CORUÑA	
	178	IES AGRA DE LEBORÍS	LARACHA-TORÁS	
	180	IES DE SABÓN	ARTEIXO	
	529	IES O MOSTEIRÓN	SADA	

<u>HORA</u>	<u>C.C.</u>	<u>CENTRO</u>	<u>LOCALIDADE</u>	<u>DÍA</u>
09.00-10.00	186	IES URBANO LUGRÍS	A CORUÑA	31 MAIO
	501	CPR COMPAÑÍA DE MARÍA	A CORUÑA	
	526	IES RAFAEL PUGA RAMÓN	A CORUÑA	
	528	CPR MONTESPIÑO	CULLEREDO	
10.00-11.00	185	IES PASEO DAS PONTES	A CORUÑA	31 MAIO
	502	CPR CRISTO REY	A CORUÑA	
	511	CPR SANTO DOMINGO	A CORUÑA	
	532	CPR NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN	BETANZOS	
11.00-12.00	503	CPR MONTEGRANDE	A CORUÑA	31 MAIO
	504	CPR LA GRANDE OBRA DE ATOCHA	A CORUÑA	
	505	CPR LICEO LA PAZ	A CORUÑA	
	547	CPR ESCLAVAS SAGRADO CORAZÓN	A CORUÑA	
	548	CPR SAGRADO CORAZÓN	A CORUÑA	
12.00-13.00	506	CPR PEÑARREDONDA	A CORUÑA	31 MAIO
	508	CPR SALESIANOS SAN JUAN BOSCO	A CORUÑA	
	509	CPR EIRÍS	A CORUÑA	
	512	CPR OBRADOIRO	A CORUÑA	

13.00-14.00	510 515 527 537 538 546 194	CPR SANTA MARÍA DEL MAR CPR RÍAS ALTAS CPR FOGAR DE SANTA MARGARIDA CPR HIJAS DE CRISTO REY CPR CALASANZ PP. ESCOLAPIO CPR CALASANCIAS EPAPU EDUARDO PONDAL	A CORUÑA CULLEREDO A CORUÑA SAN PEDRO DE NOS A CORUÑA A CORUÑA A CORUÑA	31 MAIO
-------------	---	---	---	---------

LERD 4 CAMPUS DE FERROL

<u>HORA</u>	<u>C.C.</u>	<u>CENTRO</u>	<u>LOCALIDADE</u>	<u>DÍA</u>
09.00-10.00	147 158	IES RICARDO CARBALLO CALERO IES FRAGA DO EUME	FERROL PONTEDEUME	30 MAIO
10.00-11.00	136 157	IES AS TELLEIRAS IES TERRA DE TRASANCOS	NARÓN NARÓN	30 MAIO
11.00-12.00	108	IES CONCEPCIÓN ARENAL	FERROL	30 MAIO
12.00-13.00	142 174	IES DE MUGARDOS IES FERROLTERRA	MUGARDOS FERROL	30 MAIO
13.00-14.00	120 122 131	IES BREAMO IES DE ORTIGUEIRA IES PUNTA CANDIEIRA	PONTEDEUME ORTIGUEIRA CEDEIRA	30 MAIO

<u>HORA</u>	<u>C.C.</u>	<u>CENTRO</u>	<u>LOCALIDADE</u>	<u>DÍA</u>
09.00-10.00	161 188	IES FERNANDO ESQUÍO CIFP RODOLFO UCHA PIÑEIRO	XUBIA-NEDA FERROL	31 MAIO
10.00-11.00	109 133	IES SOFÍA CASANOVA IES DE FENE	FERROL FENE	31 MAIO
11.00-12.00	125 152 187	IES CANIDO IES MONCHO VALCARCE IES LEIXA	FERROL AS PONTES FERROL	31 MAIO
12.00-13.00	121 127 190	IES SATURNINO MONTOJO IES CABO ORTEGAL IES CASTRO DA UZ	FERROL CARIÑO AS PONTES	31 MAIO
13.00-14.00	514 195	CPR TIRSO DE MOLINA EPAPU SANTA MARÍA DE CARANZA	FERROL FERROL	31 MAIO

LERD 5 CAMPUS DE VIGO

<u>HORA</u>	<u>C.C.</u>	<u>CENTRO</u>	<u>LOCALIDADE</u>	<u>DÍA</u>
09.00-09.20	404 405	IES MARÍA SOLIÑO IES PINO MANSO	CANGAS O PORRIÑO	30 MAIO
09.20-09.40	406 407	IES MENDIÑO IES SANTA IRENE	REDONDELA VIGO	30 MAIO
09.40-10.00	408 409	IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO IES CASTELAO	VIGO VIGO	30 MAIO
10.00-10.20	410 413	IES A GUÍA IES SAN PAIO	VIGO TUI	30 MAIO
10.20-10.40	415 417	IES VAL DO TEA IES ALEXANDRE BÓVEDA	PONTEAREAS VIGO	30 MAIO

10.40-11.00	419 420	IES MANUEL ANTONIO IES VAL MIÑOR	VIGO NIGRÁN	30 MAIO
11.00-11.20	421 424	IES ÁLVARO CUNQUEIRO IES CARLOS CASARES	VIGO VIGO	30 MAIO
11.20-11.40	427 429	IES REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI IES DA CAÑIZA	VIGO A CAÑIZA	30 MAIO
11.40-12.00	430 431	IES DE BEADE IES AS BARXAS	BEADE-VIGO MOAÑA	30 MAIO
12.00-12.20	432 433	IES ROSAIS 2 IES DE CORUXO	VIGO CORUXO-VIGO	30 MAIO
12.20-12.40	435 437	IES AUGA DA LAXE IES A SANGRIÑA	GONDOMAR A GUARDA	30 MAIO
12.40-13.00	439 443	IES DE CHAPELA IES PAZO DA MERCÉ	CHAPELA-REDONDELA AS NEVES	30 MAIO
13.00-13.20	445 447	IES DO CASTRO IES PRIMEIRO DE MARZO	VIGO BAIONA	30 MAIO
13.20-13.40	448 451	IES DE RODEIRA IES RIBEIRA DO LOURO	CANGAS O PORRIÑO	30 MAIO
13.40-14.00	452 453	IES POLITÉCNICO DE VIGO IES RICARDO MELLA	VIGO VIGO	30 MAIO

<u>HORA</u>	<u>C.C.</u>	<u>CENTRO</u>	<u>LOCALIDADE</u>	<u>DÍA</u>
